



ACONTECEMENTOS DO ANO

A redacción do *Anuario Brigantino* agradece a colaboración especial para este apartado dos corresponsais locais de *La Voz de Galicia*, *El Ideal Gallego*, *La Opinión*, *El Correo Gallego / O Correo Galego*, *Betanzos e a súa Comarca*, *El Periódico de las Mariñas Coruñesas e Mariñán*.



Artime



Presentación do Anuario Brigantino 2002, nº 25,
o 26 de setembro do 2003.

4-5 de xaneiro de 2003


No Edificio Liceo tivo lugar a celebración do encontro *Beta party versión 1.0*, organizado polo grupo *Amiga*, que reuniu un numeroso grupo de mozos afeccionados á informática para coñecer as últimas novidades.

5 de xaneiro de 2003

Tivo lugar a tradicional cabalgata dos Reis Magos de Oriente. A organización correu a cargo do Concello que contou coa colaboración de diversas asociacións.

9 de xaneiro de 2003

Neste día tomou posesión do cargo de Presidente do Consello de Estado D. José Manuel Romay Beccaría nun acto celebrado en Madrid, e presidido polo Presidente do Goberno, D. José María Aznar. Este nomeamento é un recoñecemento á súa longa carreira e un escalón máis na labor que ata o momento viña desempregando como Presidente da Comisión de Xustiza e Interior no Congreso dos Deputados.



10-18 de xaneiro de 2003

Ó longo destes días tiveron lugar no Edificio Liceo unhas xornadas de reflexión sobre a traxedia do *Prestige* e outras mareas negras. Estes actos estiveron dedicados á memoria de *Man*, o alemán que tiña o seu museo na costa de Camelle. Documentais, debates e películas conformaron os actos destas xornadas, que foron organizadas por Xabier Ares e contaron coa colaboración do Concello e o apoio da Plataforma *Nunca Máis*.

Xaneiro

Neste mes foi distribuído entre os veciños o novo calendario editado polo Concello, con fotos antigas do Arquivo Municipal que mostraban imaxes para moitos descoñecidas e fotos actuais nas que participaron os fotógrafos da cidade.

19 de xaneiro de 2003

Tivo lugar na Aula Municipal de Cultura a representación teatral da obra de Xesús Pisón *Animal vacío*, a cargo da compañía Casahamlet.

20 de xaneiro de 2003

Con motivo do 102 cumpreanos da betanceira, D^a Petra Josefa Fernández Vázquez, o Alcalde, D. Manuel Lagares trasladouse ó seu domicilio para entregarlle un agasallo.

21 de xaneiro de 2003

Comezou neste día un programa para a prevención de drogodependencias coa creación dunha escola de pais. Trátase de acercar ós participantes á realidade dos mozos e fomentar a comprensión entre os membros da unidade familiar.



César: E. Blanco

Xaneiro de 2003

Neste mes comezaron a impartirse o cursos de formación e emprego para a inserción laboral, que se realizaron coa colaboración da Consellería de Familia e o Concello. Nesta ocasión as especialidades que se trataron foron a de carpintería, construción de edificios, conservación de xardíns e soldadura.



29 de xaneiro de 2003

Tivo lugar en Madrid a entrega do premio internacional de turismo co que foi distinguida a nosa cidade polo prestixioso Club *Líderes de Comercio* e a editorial *Office*. O Alcalde, D. Manuel Lagares, recolleu este premio que valorou a oferta turística da nosa cidade. No acto estivo acompañado dos Delegados de Turismo e Cultura e Deportes, D. Andrés Beade e D. Francisco Díaz, así como de diversas persoas relacionadas con Betanzos que residen habitualmente en Madrid.

30 de xaneiro a 2 de febreiro de 2003

Nestes días celebrouse en Madrid a *Feira Internacional de Turismo* (Fitur) na que a nosa cidade estivo presente e contou cun *stand* propio.

Xaneiro de 2003

Neste mes instaláronse oitenta novos maceteiros nas rúas da cidade. As pezas do novo mobiliario son de madeira e ferro e levan o escudo de Betanzos.

Xaneiro de 2003

O periodista betanceiro D. Diego Martínez fíxose cargo da dirección do periódico *Galicia Diario Digital*. Desexámoslle o mellor nesta nova tarefa.

Febreiro de 2003

Coa demolición das antigas naves do Carregal iniciáronse as obras do novo Centro de Saúde promovido pola Xunta de Galicia.

13-14 de febreiro de 2003

Alguns lugares da cidade serviron de escenarios para a rodaxe da última entrega das aventuras de Pepe Carvalho. Varios veciños participaron tamén como figurantes na película.

15 de febreiro de 2003


Tivo lugar nun restaurante da localidade unha cea de confraternización entre os veciños da Ponte Vella (IV Xuntanza de Amigos da Ponte Vella). Os obxectivos foron os de sempre: Estar cos amigos, recordar historias e, en definitiva, pasalo ben.

Febreiro de 2003

As parroquias betanceiras editaron un folleto explicativo sobre as actividades que se desenrolan ó longo do ano.

27 de febreiro de 2003

Na Aula Municipal de Cultura tivo lugar unha Mesa Redonda organizada polo Instituto de Estudos Políticos e Sociais de Coruña co título: *A Financiación das Corporacións Locais*. Como poñentes participaron: o profesor de economía aplicada da Universidade de Santiago, D. Xoaquín Fernández Leiceaga; o catedrático de facenda pública da Universidade de Castela-A Mancha, D. Alfredo Iglesias Suárez; catedrático de facenda pública da Universidade de Santiago, D. Luis Caramés Viéitez; e o Alcalde de Betanzos, D. Manuel Lagares. Actuou como moderador o Presidente da Fundación I.E.P.S., D. Antonio Campos Romay (na fotografía).



28 de febreiro a 5 de marzo de 2003

Desenrolouse ó longo destes días o programa de festexos do Antroido elaborado polo Concello, no que tiveron cabida bailes, atraccións para nenos, disfraces, rematando co enterro da sardiña no río Mandeo.



César: E. Blanco

29 de febreiro de 2003

Tivo lugar a inauguración do Polideportivo e Centro Social de Guiliade, realizado gracias á xenerosidade do empresario betanceiro, D. Marcelino Vázquez Presedo, que financiou a súa construción. O acto ó que asistiron o propio benfeitor e a súa dona, D^a María Isabel Arboiro, estivo presidido polo Alcalde, D. Manuel Lagares e contou coa presenza de numerosos veciños de Guiliade.

Febreiro de 2003

A enfermeira brigantina, Cristina Valiño Pazos gañou o *VII Certame de Relatos Breves*, convocado pola Escola Universitaria de Enfermería e Fisioterapia da Univ. Pontificia de Comillas.



Anuario Brigantino 2003, nº 26



Foto: Benito Figueroa (1-V-2003).

Febreiro-Maio de 2003

Nestes meses *O tren da Lingua* achegou á nosa cidade a máis de dous mil escolares da Coruña e Ferrol. O obxectivo desta iniciativa é o acercamento dos máis pequenos ó tren e ó mesmo tempo fomenta-lo uso do idioma. Esta iniciativa foi promovida pola Xunta de Galicia, Renfe e Caixanova, que contaron coa colaboración do Concello.

7 de marzo de 2003

Tivo lugar no Edificio Liceo a sinatura dun convenio de colaboración entre Cruz Vermella, representada por D. Juan Suárez Barros e o Concello polo Alcalde, D. Manuel Lagares.

9 de marzo de 2003

Celebrouse no Pavillón Polideportivo a *I Copa Cidade de Betanzos de Taekwondo*, que reuniu a competidores de diferentes categorías. A proba estivo organizada polo Club Kwon, pola Asociación Tae Do e contou coa colaboración do Concello.

9 de marzo de 2003

Na Aula de Cultura tivo lugar a representación da obra *Estima*, de Xabier Picallo polo grupo de teatro Pífano.

Marzo de 2003

Coñeceu-se que o párroco de San Martín de Tiobre, D. Manuel Ares Faraldo, foi nomeado novo arcipreste de Xan Rozo.



César: E. Blanco



César: E. Blanco

10-25 de marzo de 2003

Con motivo do *Día Internacional da Muller Traballadora*, ó longo destes días puido contemplarse na Sala de Exposicións do Edificio Liceo a Mostra colectiva *Ollada de muller*. A exposición contiña obras de Anne Heyvaert, Diana Edreira, Verónica Dopico, Blanca Silva, Isabel Rumbo, Ánxeles Penas, Isabel Pintado, Patricia Iglesias, Diana Aitchinson, Cristina Doporto e Lucía Ponte. A mostra estivo promovida pola Consellería de Familia da Xunta de Galicia, o Servicio Galego de Igualdade e o Concello. Previamente á inauguración houbo unha mesa redonda sobre o tema.

Marzo de 2003

Déronse a coñecer datos do Padrón de Habitantes do Concello, que por primeira vez superou os trece mil habitantes, en concreto 13.087 persoas, das que 11.000 viven no casco urbano.



César: E. Blanco

14 de marzo de 2003

Na Sala de Conferencias do Edificio Liceo tivo lugar unha recepción ós deportistas máis destacados do ano 2002. O acto estivo presidido polo Alcalde, D. Manuel Lagares, que estivo acompañado polo Concelleiro de Cultura e Deportes, D. Francisco Díaz.

14 de marzo de 2003

No Edificio Liceo tivo lugar a inauguración dunha mostra de pintura de Miguel Franco.

Marzo de 2003

A *Fundación Ginebra* para os Dereitos Humanos en Psiquiatría concedeulle un premio á Congregación de Hermanas Hospitalarias polos logros destacados no campo da igualdade, humanidade e o coidado psiquiátrico. Esta congregación está presente en vintecinco países, e concretamente en Galicia dende o 1923 no Centro de Educación Especial Nosa Señora do Sagrado Corazón de Betanzos.

31 de marzo de 2003

Na Aula de Cultura de Caixa Galicia tivo lugar a *I Xornada de Viticultura*, organizada pola Oficina de Xóvenes Agricultores. Participaron D. Lorenzo Bescansa, enxeñeiro agrónomo, D. Jesús Collar, delegado provincial da Consellería de Política Agroalimentaria. O acto foi presentado por D^a María Dolores Faraldo, portavoz municipal do Partido Popular.



1-13 de abril de 2003

Ó longo destes días puido contemplarse a exposición de cadros do pintor bergondés, Suárez de la Concha.

Abril de 2003

Un grupo de alumnos de cuarto curso de Educación Secundaria do Instituto Francisco Aguiar de Betanzos obtivo o segundo posto no *Rally Matemático Sen Fronteiras*, no que participaron setenta e oito centros de Galicia.

4 de abril de 2003

Na Aula Municipal de Cultura tivo lugar a representación da obra *Morir de Amor*, de Rafael Mendizábal, pola Agrupación Teatral Mariñán.

5-6 de abril de 2003

Celebrouse na Praza do Campo a *IV Feira do Queixo. Mercado Sectorial de Productos Agrarios e Artesáns*. Foron milleiros de visitantes, que animados polo bo tempo e a boa calidade dos produtos, se achegaron a mercar á feira. O primeiro premio ó mellor queixo fresco foi para D^a María Luísa Vidal Otero, da Asociación de Produtores Queixeiros de Abegondo. O primeiro premio para os semicurados foi para D^a María Pilar Candal Carrillo. O premio ó mellor posto foi para a Asociación de Produtores Queixeiros de Abegondo. Un atractivo engadido foi a celebración no Edificio Liceo dun Rastro de Antigüidades. A organización correu a cargo do Concello, que contou coa colaboración de diversas asociacións de Betanzos e da comarca.



12-20 de abril de 2003

Ó longo destes días viñéronse desenrolando os actos de Semana Santa, que deron comezo coa lectura do pregón polo Escritor e Director do Centro *Proyecto Hombre* de Lugo, D. Manuel Regal Ledo na igrexa de Santo Domingo de Betanzos. Os actos máis relevantes foron a bendición e procesión do Domingo de Ramos, Vía Crucis, Santo Entero e a dos Caladiños.






César E. Blanco

17 de abril de 2003

O Concello de Betanzos recibiu a medalla de ouro da Confraría do Santísimo Cristo da Misericordia e María Santísima das Dores da cidade de Ferrol. O motivo desta distinción foi a colaboración do concello na Semana Santa Ferrolá coa Banda Municipal e a Coral Polifónica. A distinción foille entregada ó Alcalde, D. Manuel Lagares nun acto realizado neste día en Ferrol.

24 de abril de 2003

Na Sala de Conferencias do Edificio Liceo tivo lugar a presentación do libro *A memoria de Betanzos* da colección Xerais, Álbum de postais, do que son autores Carlos Díaz e Alfredo Erias. O acto estivo presidido polo Alcalde, D. Manuel Lagares e polo Director Xeral de Edicións Xerais de Galicia, D. Manuel Bragado Rodríguez, e polo Delegado de Cultura e Deportes, D. Francisco Díaz.



24 de abril de 2003

Saíu na prensa deste día que os alumnos do ciclo medio de Equipos e Instalacións Electrónicas do Instituto de Educación Secundaria de As Mariñas de Betanzos, dirixidos polo profesor D. Luis Carlos Penide Pérez, deseñaron unha instalación eléctrica ecolóxica que se instalou nunha empresa agrícola de Costa Rica.

27 de abril de 2003

Na igrexa de Santo Domingo tivo lugar un concerto do Coro Infantil da Orquestra Sinfónica de Galicia, no que se interpretaron obras de Nemesio Carril e Britten.

29 de abril de 2003

Na Aula de Cultura de Caixa Galicia tivo lugar un recital poético organizado polo Instituto de Educación Secundaria *As Mariñas* de Betanzos, e no que participaron: Yolanda Castaño, Francisco Xabier Fernández Naval, Eva Veiga, Xulio L. Valcarcel e Marica Campo.

30 de abril de 2003

No Edificio Liceo inaugurouse a exposición *Olvidados por Noé*, na que se representa a Península Ibérica hai vinte millóns de anos. A mostra, realizada polo Museo Nacional de Ciencias Naturais, estivo patrocinada pola Obra Social Caixa Galicia e contou coa colaboración do Concello.

Abril de 2003

Dez alumnos do Instituto Francisco Aguiar, dirixidos polo profesor D. Óscar García Ramos, proclamáronse campións da segunda edición do torneo de xadrez *As Insuas*, en Muros.



César. E. Blanco

Maio de 2003

Con obxecto da sinatura dun convenio, celebrouse en Betanzos unha xuntanza dos consellos de administración de Caixa Galicia e do Banco Etcheverría, presididos respectivamente por D. José Luis Méndez, arriba á esquerda, e D. Javier Etcheverría, sentado o segundo pola esquerda. Estiveron acompañados polo Alcalde da cidade, D. Manuel Lagares.

Maio de 2003

Ó longo deste mes desenrolouse o programa de actos organizado polo Concello, con motivo da festividade das Letras Galegas, que este ano estivo dedicada a Antón Avilés de Taramancos. Para o seu desenrolo contou coa participación de diversas agrupacións culturais betanceiras, aparte das propias institucións do Concello como o Museo das Mariñas co mes de Portas Abertas, Campañas de Animación á Lectura na Biblioteca Municipal, etc.


Maio de 2003

Púxose en funcionamento este día a Oficina de Rehabilitación que está na planta baixa do Concello na Praza da Constitución. A finalidade deste novo servizo é facilitar e potenciar a rehabilitación de edificios do casco histórico da cidade.

4 de maio de 2003

Organizada polo Club Ciclista de Betanzos celebrouse a *XXII Volta Comarca Brigantina*, puntuable para a Copa





de España. Participaron 167 ciclistas encadrados en 30 equipos. O gañador foi o madrileño Luis Pérez, do *Alcosto*. O segundo foi Díaz, do *Saunier Duval* e o terceiro, Zárate, do *Cropusa*.

9 de maio de 2003

Na Aula Municipal de Cultura tivo lugar a representación da obra *Monólogo con oito pausas e un falso espectador*, pola Agrupación Teatral Mariñán.

9-11 de maio de 2003

Celebrouse na avenida do Carregal a *XVIII Edición da Festa do Viño de Betanzos*, que deu comezo coa lectura do pregón a cargo do Presidente da Comisión de Cultura e Deporte da Deputación, D. Carlos López Crespo. Foron milleiros de persoas os que se achegaron á nosa cidade para participar nesta festa que cada vez conta con máis xente. Na cata dos viños presentados a concurso, D. Andrés Gómez Cachaza obtivo o primeiro premio na categoría de viños tintos, seguido de D. Diego Carneiro e D. Antonio Buyo. Nos viños brancos, o primeiro premio foi para D. Benito Dopazo, seguido de D. Pedro Vilariño e D. Julio Crespo.

10 de maio de 2003

Dentro do programa de actos elaborado polo Concello con motivo das Letras Galegas, na Sala de Exposicións do Edificio Liceo inaugurouse a *III Mostra Bibliográfica de Betanzos*, que conmemorou os vinte e cinco números do Anuario Brigantino. O acto foi presentado por D. José Antonio Miguez.

14 de maio de 2003

No Salón de Actos de Caixa Galicia tivo lugar un Maratón de Lectura da obra poética de Avilés de Taramancos e de Miguel Anxo Fernán-Vello.

17 de maio de 2003

Dentro da celebración das Letras Galegas, tivo lugar na Aula Municipal de Cultura a presentación do poemario *Latexos fragmentados*, do que é autora Olga Patiño Nogueira. A presentación foi realizada polo pintor, Antón Sobral e polo escritor Xaime Toxo. Como remate, tivo lugar un recital poético-musical a cargo da autora do libro e do Grupo de Metales Santa Cecilia.





Elecciones Municipales. Partido Socialista de Galicia-PSOE



Elecciones Municipales. Partido Popular.



Elecciones Municipales. Bloque Nacionalista Galego.

25 de maio de 2003

Neste día tiveron lugar as eleccións municipais, cos seguintes resultados (fotos dos partidos en páx. anterior): PS de G-PSOE (foto superior), 3.354 votos; PP (foto inferior), 3.319 votos; BNG (foto na seguinte páxina), 1.391 votos. Obtiveron, polo tanto, a seguinte representación municipal: PS de G-PSOE 7 concelleiros, PP 7 e BNG 3.

28-29 de maio de 2003

Na Aula Municipal de Cultura tivo lugar a representación da obra *As obras completas de Hill Shakespeare*, polo grupo *Librescena*.



César: E. Blanco

29 de maio de 2003

Na Sala Capitular do Concello, o Alcalde, D. Manuel Lagares, recibiu ós betanceiros nados no 1928, e aproveitou para felicitálos e entregarlles un recordo deste día.

Maio de 2003

Neste mes finalizaron os traballos de acondicionamento do parque infantil situado ó lado do ambulatorio.

1 de xuño de 2003

Xesús Fraga Varela acadou o primeiro posto no Campionato Provincial de Pesca celebrado en Sigüeiro.




2-4 de xuño de 2003

Celebrouse no Colexio Nosa Señora do Carme (A Grande Obra de Atocha) o II Ciclo de Conferencias *Familia y Escuela Juntas*. Contaron coa participación de D. Andrés López Calvo, director do Secretariado de Catequeses do Arcebispado de Santiago; D. Néstor Valcárcel Teijeiro, asesor xurídico da Xunta de Galicia; D. José Manuel Romay Beccaría, Presidente do Consello de Estado; D^a Amalia Campo Fernández, psicóloga do Punto de Encontro Familiar Fonseca e D^a Pilar Rojo Noguera, conselleira de Familia, Xuventude e Voluntariado.

3-13 de xuño de 2003

Puido contemplarse no Edificio Liceo unha exposición de pintura de Sabela Arias titulada *Galerías*. Na mesma están reflectidos unha boa parte de edificios e rúas de Betanzos.





*D. Manuel Lagares Pérez
Alcalde-Presidente*



*D. Francisco M. Díaz Pereira
Tte. Alcalde*



*D. José Ramón García Vázquez
Tte. Alcalde*



*Dª María Beatriz Gómez Iglesias
Tte. Alcalde*




*D. Antonio Lagares Pérez
Concelleiro*



*D. José Manuel Montero
Concelleiro*



*D. Antonio Vázquez Lorenzo
Concelleiro*



*D. Isidro do Porto Santos
Tte. Alcalde*



*Xabier López López
Tte. Alcalde*



*D. Andrés Otero Botana
Concelleiro*



*D.ª M.ª Dolores Faraldo Botana
Concelleira*



*D. Luis Alberto Carro Erias
Concelleiro*



*D. Javier de la Fuente Lago
Concelleiro*



*D. Francisco Martínez García
Concelleiro*



*D.ª María Jesús Teijo Antelo
Concelleira*



*D. Francisco Gestal Calvete
Concelleiro*



*D. Andrés Porcas Fraga
Concelleiro*



César: E. Blanco

4 de xuño de 2003

Na Sala Capitular do Concello tivo lugar a presentación da Fundación *Manuel Villuendas Pena* (o primeiro impresor do Anuario Brigantino), que ten como obxectivo promover actividades culturais, sociais e artísticas nos concellos de Betanzos e Bergondo. No acto estiveron presentes os promotores da iniciativa D. Julio Villuendas Borondo e a súa muller D^a Mercedes Muñiz Cotos. Presidiu o Alcalde, D. Manuel Lagares e tamén se contou coa presenza do Alcalde de Bergondo, D. José Fernández Ramos, o Concelleiro de Cultura e Deportes, D. Francisco Díaz e varios membros da familia Villuendas.


6-8 de xuño de 2003

No Campionato de España de taekwondo en categoría cadetes celebrado ó longo destes días en Cáceres, acadou a medalla de bronce a deportista betanceira do club Kwon, Olga Martínez Calviño.



13 de xuño de 2003

Coa presentación dun libro e a entrega de insignias conmemorativas no Edificio Liceo, deron comezo os actos de celebración do vintecinco aniversario da Peña Lastras. Realizouse unha exposición de fotografías no local da peña en San Francisco, xornadas deportivas e comida de confraternidade entre outros actos que se desenrolaron ó longo deste mes.



14 de xuño de 2003

Neste día tomou posesión a nova Corporación Municipal, saída das últimas eleccións municipais, que quedou composta do seguinte xeito:

Partido Socialista de Galicia-PSOE: D. Manuel Lagares Pérez, D. Francisco Díaz Pereira, D^a María Beatriz Gómez Iglesias, D. Antonio Salvador Lagares Pérez, D. José Ramón García Vázquez, D. José Manuel Montero e D. Antonio Vázquez Lorenzo.

Partido Popular: D^a María Dolores Faraldo Botana, D. Luis Alberto Carro Erias, D. Javier de la Fuente, D. Francisco Antonio Martínez García, D^a María Jesús Teijo, D. Francisco Gestal e D. Andrés Porca.

Bloque Nacionalista Galego: D. Isidro do Porto Santos, D. Andrés Otero Botana e D. Xabier López López.



César: E. Blanco



César: E. Blanco

14 de xuño de 2003

A editorial Xerais, dirixida por D. Manuel Bragado, elixiu Betanzos para o acto de entrega do Premio Xerais de Novela 2003 e do Premio Merlín de Literatura Infantil que tivo lugar no Edificio Liceo. O premio de novela foi para o escritor lucense, Santiago Jaureguizar pola obra, *Planeta Skylab*, e o premio Merlín para Manuel Lourenzo González por *Irmán do vento*. No mesmo acto entregouse un premio á cooperación cultural, que foi para a Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil (Galix). O xurado dos premios contou entre os seus membros con varias persoas de Betanzos. A presentación correu a cargo de Xulio Cuns Lousa.



César: E. Blanco

14 de xuño de 2003

Na igrexa de Santo Domingo celebráronse as vodas de ouro sacerdotais de D. Miguel Martínez Fernández. Este sacerdote betanceiro desempregou a súa labor en San Cristóbal de Valdeza (1953-1957), Valdespino de Somoza (1957-1968), Turcia de Órbigo (1968-2001). Desde o ano 2001 colabora en labores parroquiais en Betanzos.

17-29 de xuño de 2003

Ó longo destes días puido contemplarse na Sala de Exposicións do Edificio Liceo unha mostra da pintora coruñesa María del Carmen Pardo Prego.

18 de xuño de 2003

Na Sala de Usos Múltiples do Edificio Liceo tivo lugar a presentación da *VI Semana Internacional de Cine de Betanzos*, enmarcada dentro do VI curso de verán da Universidade da Coruña. O acto contou coa presenza de D. José M^a Paz Gago, Director do Curso, D. Vicente Iglesias Martelo, representante da Fundación Caixa Galicia e foi presidido polo Alcalde, D. Manuel Lagares.

21-22 de xuño de 2003

Celebrouse ó longo destes días un rastro de antigüidades no Edificio Liceo.

Xuño-Xullo de 2003

Estivéronse levando a cabo as obras de mellora na igrexa da Angustia, co obxectivo de acabar coa humidade, nas que destaca o revestimento da cúpula con cobre. Estas obras foron realizadas a través do Departamento de Patrimonio da Xunta de Galicia.

Xuño de 2003

A finais deste mes coñeceuse pola prensa que o escritor, e recente concelleiro, Xabier López, coa obra *A vida que nos mata*, gañara o premio García Barros de novela que convoca o concello de A Estrada



Xullo e Agosto de 2003

Desenrolouse ó longo destes meses o Programa *Verán 2003*, elaborado polo Concello con actividades de ocio para nenos e rapaces. Nel tiveron cabida talleres de psicomotricidade, debuxo e pintura, maquetismo, maxia, contacontos, radio, fotografía, informática, competicións deportivas, campamentos, etc.

Unha das actividades foi o desenrolo da *XIII edición do programa Noites de Cine*.

Xullo de 2003

A Biblioteca Municipal *Castelao*, no Convento de Santo Domingo, conta a partir deste mes cun novo depósito con armarios tipo *compactus* para os libros, que ven aliviar a carencia de espazo para os máis de vinte e cinco mil libros cos que conta.

Xullo de 2003

Neste mes as campás da igrexa de Santo Domingo volveron soar despois de cambiar os xugos de ferro que as sustentaban por outros de madeira e aceiro.

1-15 de xullo de 2003

Na Sala de exposicións do Edificio Liceo puido contemplarse unha mostra dun centenar de debuxos, relativos a momentos destacados da historia de Betanzos, realizados por alumnos de cuarto curso do Colexio Vales Villamarín. Esta actividade levada a cabo ó longo do curso, formou parte do proxecto europeo *Comenius* no que participa este centro.

11-13 de xullo de 2003

O casco histórico da cidade foi protagonista estes días coa celebración da *VI Feira Franca Medieval*. Houbo, como nos outros anos, unha ampla participación de tódolos cidadáns, o que lle confire a esta celebración un especial ambiente. Todo isto motivou que fosen máis de cento e cincuenta mil persoas as que se achegaran a participar nesta *Festa Medieval*.



César: E. Blanco

As rúas da cidade, engalanadas para a ocasión, tiveron un completo programa de actividades que incluían, danzas gremiais, música medieval, malabares, cetrería, tiro con arco, liberación das doncelas na batalla das figueiras, queima da bruxa, apresamento e expulsión de leprosos, torneos medievais. Como novidade, este ano celebráronse carreiras de bocois de viño, rememorando a extinción dun incendio acaecido na cidade.

A feira deu comezo coa representación dun saúdo entre o Conde de Andrade e o Alcalde, para a continuación dar lectura ó pregón a cargo do actor e director de teatro, Manuel Lourenzo.

PREGÓN DA VI FEIRA FRANCA MEDIEVAL

Plenario betanceiro

Xogral

Á sombra dunha maceira,
o corazón fatigado,
soñaba o bon cabaleiro
vellas glorias, preitos altos
contra a caste betanceira
dos Andrades, seus tíastrós,
que por rebelde o venderan
ao comprador castellano
en canto o sol se deitaba
nos vellos muros do Castro.
E eran as tristes palabras





do conde don Pero Pardo
privilexio de valente
que se sabe condenado
e pide non para si,
mais para quen o acusaron,
longa vida, sol nas torres,
señoría e feitos claros.

Pero Pardo

Non quixera mal falar
dos que foran meus alnados,
os Andrades, nin dos feitos
que temían do meu rango,
pois xa o manto da morriña
temperou co seu afago
o meu furor, e teño a alma
prisioneira doutros lazos.
Deitar o corpo na terra
que me deu é agora o paso
máis auténtico que espero,
nesta solaina do castro,
á sombra desta maceira,
da noite prelude grato,
pedindo para a Frouseira
señardade, e para o Castro,
que se mancan a alta torre,
deixen en paz os vilaos,
que as searas sen o rego
do seu suor serán matos.
E para os Andrades pido
que levedes a Betanzos
as novas da miña morte
en tempo ben de verao,
cando a cidade arda en festas
e teñan os boticarios
que dar remedios extremos
para o delirium e o flatum
dos que non xantan á mesa,
pois comen a eito nos adros,
coa ansiedade de que falte
o que nunca ten faltado:
boas talladas e bon viño,
e para os viciosos, caldo.
Digo eu que será máis xusto
dar o meu obituario
estando a xente ocupada
en comelladas e asaltos



César: E. Blanco

ao bocói, pois nesas présas
será menos celebrado.
Ti que dis, miña señora,
Dona Isabel de Castro?.

Isabel de Castro

Eu digo que ben está
o que ben termina. E algo
positivo tiraremos
dese teu bendito cálculo.
Con todo, eu non me conformo,
vou a Medina del Campo.
Direille á raíña Isabel
que che levante o sumario,
e estarei a tempo para
irmos de festa a Betanzos,
ti enteiro, coa túa cabeza,
e eu enteira, co meu rango.

Xogral

E alá foi a xentil dona,
correu montes e planaltos,
chegou á corte real,
pedíu indulto plenario
para o conde seu marido,

de rebeldía acusado,
e en chegando a Mondoñedo
co prego ben asinado,
parárona dous sicarios
ao servizo dalgún lado
até que os sinos a morte
do Marilscal avisaron.
E foi así como a dona,
que quería ir a Betanzos
señora, co seu señor,
con escolta e a cabalo
para ver a festa ilustre
e catar os viños claros,
tivo que xuntar o corpo
e a cabeza do soldado
e alçi darlles sepultura,
onde mandasen os amos.
E aínda tardou en morrer
a pobre, nos seus estados
lamentando non ter ído
nunca ao famoso mercado
bertanceiro, desde a praza
até o peirao, polos arcs.
Triste é o destino dos homes
que coñeceron o mando
e librarse non puideron
do ferro vil do machado,
como este don Pero Pardo,
hoxe esquecido e borrado
para sosego de algúns
para alegría de tantos,
agás miña, que o tratei
e souben que era fidalgo
a un tempo grave e farrista,
guerreiro se algún estraño
tentaba correr a besta
por medio dos seus estados,
moi amoroso cos seus,
e cos de fóra, envarado,
que aqueles tempos non eran
como os de hoxe, democráticos,
e un que viña de mal xome
non podía ser tratado
como un igual; inimigo
era, e senón, adversario,
e tiñas que protexelo
se non podías matalo.



César: E. Blanco

Hoxe, como digo, os tempos
teñen crecido e mudado,
e estas feiras fanse en paz,
entre alcaldes e letrados
e artistas e corremundos
e xentes de todo rango
e procedencia: africanos,
asiáticos, europeos,
australes e americanos,
negros, brancos, amarelos,
cobrizos e aceitonados,
todos a oito na feira,
todos xuntos no mercado.
compradores, vendedores,
músicos, artistas plásticos,
actores, malabaristas,
cociñeiros, despistados,
berrallóns e silandeiros,
despertos e aparvallados,
Pedro a suspirar por Laura,
Laura a suspirar por Nando,
Nando a suspirar por Iria,
Iria a suspirar por Carlos,
Carlos por Jessica, e Jessica,

por Brad Pitt... ou por Carrasco.
E isto non hai quen o entenda.
Isto só pasa en Betanzos,
a capital da Mariña,
do amor, do viño e dos laios.

Por certo, que esta cidade
co tempo gañau, e canto.
Non hai máis que ver a feira
que aquí armastes e o plenario
de viños destas ribeiras
que hoxe merecen o ramo
de loureiro dos Augustos
de Roma, e dela falando,
capital dun grande Imperio
pola lanza conquistado,
lémbrovos que esta cidade,
esta fermosa Betanzos
que do río sobe ás prazas,
á coroa do seu castro
por encostas ben gradadas
en laxes de suaves chanzos,
esta cidade que escoita
do mar os feridos cantos
da peste negra, mexidos
coas doces cancións dos bardos,
esta cidade merece,
por tradición e contrato
co futuro, ser de novo
capital en forte abrazo
coas outra seis que facían
desta erra un couto alto,
repartidas as herdades
en natural inventario.
Eis o que pide o xogral
desde o seu cativo chanzo:
gloria polos vellos días,
saúde por todo o ano,
e paz, que é a riqueza máxima,
deste mundo que habitamos.
E vós, señoers quen sodes?
Quen vos deu voz neste acto?.

Pero Pardo
Cala ti, cantor, que vimos
de moi lonxe, os corpos cansos
e as ánimas máis aínda.



César: E. Blanco

Non me ves? Son Pero Pardo
e esta é a miña señora,
Dona Isabel de Castro,
filla do conde de Lemos.

Xogral
Os dous, mortos hai ben anos.

Isabel de Castro
Mortos, si, mais non cadáveres.

Pero Pardo
Vivos, vivos, e en Betanzos.

Xogral
Pos dicide, meus señores,
o que vos trae a estes pagos,
e, por favor, sede breves,
que hoxe á día de mercado.

Pero Pardo
Fala tí, miña señora,
dí o que queres alto e claro.

Isabel de Castro
Quero unha rosca de ovo
e de filloas un prato
e chourizos e torresmos
e unha cazola de callos
e empanada de parrochas
e un repolo e un canastro



de ovos de pita encamada
e pementos e pan branco
e troitas de entrambos ríos
e anguías dos regos baixos
e pexegos e cereixas
e melindres e borrachos.

Pero Pardo

Borrachos non, que no sitio
onde ti e mais eu andamos
non se levan esas modas
nin se pode ir a caballo,
que a xente alí é moi mirada
e vai a modiño, ao paso.
E paréceme, Isabel,
que xa imos ben pertrechados.

Xogral

Así é que despois de todo
e de nos dar este pasmo,

Dona Isabel e don Pero,
despois de quiñentos anos
no outro mundo, defuntiños,
veñen comprar a Betanzos?
Como é que se entende isto?
Como é que deron o salto?.

Pero Pardo

Ai, rapaz, un arrecendo
que subía até o máis alto:
o cheiro a gloria das cousas
que se comen en Betanzos.
Alá a cociña é mediana:
unhas patacas se acaso
de cando en vez, cando sobre
algún que outro beato.
Castigo non pode haber
máis cruel para un fidalgo,
maismente cando é galego.

Manuel Lourenzo



César: E. Blanco

15 de xullo de 2003

Na igrexa de San Francisco tivo lugar un concerto da Orquestra Xove da Sinfónica de Galicia dirixidos por Pietro Rizzo. Tocáronse obras de Beethoven, Stravinski e Sibelius.



16 de xullo de 2003

Deuse a coñecer na prensa deste día que o maxistrado betanceiro, D. Antonio Fraga Mandián, fora reelixido como Xuíz Decano do Partido Xudicial da Coruña.

25 de xullo de 2003

No Cruceiro da Cruz Verde tivo lugar a tradicional homenaxe da Corporación Municipal a tódolos que deron a súa vida por Galicia.

26 de xullo de 2003

Na Praza do Campo púidose contemplar o espectáculo titulado, *Maxia e carallada*, de Antonio Romarís. Este acto foi organizado polo Concello e patrocinado pola Xunta de Galicia a través do programa de Circuitos Culturais.



César: E. Blanco

28-31 de xullo de 2003

Ó longo destes días desenrolouse a *VI Semana Internacional de Cine de Betanzos*, que estivo dedicada ó realizador e director, Manuel Gutiérrez Aragón. Enmarcouse no VI curso de verán organizado pola Universidade da Coruña, en colaboración co Concello. O evento contou coa participación de diversos profesionais relacionados co mundo do cine como Molina Foix, Jaime Pena, Carlos F. Heredero, Luis García Jambrina, Francisco Gutiérrez Carbajo, Luis Castro Paz, Jaime Pena, Cesar Wonenburger, Pancho Casal, Juan Gona, Javier Ozores, Carlos Iglesias ... así coma o propio Manuel Gutiérrez. Os coloquios completáronse con varias proxeccións na Aula Municipal de Cultura e no CGAI.



César: E. Blanco

Xullo de 2003

Neste mes comezouse a rodar na nosa cidade a serie de suspense *As Leis de Celavella*, producida por *Voz Audiovisual*, e dirixida por Gerar Gormezano. Está ambientada nunha cidade de Galicia dos anos vinte do século pasado, na que ocorren unha serie de asasinatos que trata de resolver un dos protagonistas.



César: E. Blanco

31 de xullo de 2003

Na Sala Capitular do Concello foron recibidos polo Alcalde, D. Manuel Lagares e varios concelleiros, un grupo de nenos saharauis que viñeron convivir e pasar este verán con familias betanceiras.

1-13 de agosto de 2003

Na Sala de exposicións do Edificio Liceo puido contemplarse nestes días unha mostra de pintura de Javier Toba Blanco.

1-9 de agosto de 2003

Desenrolouse nestes días o Ciclo de Música *Verán 2003*, organizado polo Departamento de Cultura do Concello de Betanzos. Participaron: Cuarteto de Música Campo de Estrelas, Cuarteto Manhein, o quinteto de metais Guarne-Brass, Ballet Ballanchine e Isabel Romero Tabeayo e David Pantín Vázquez.

8 de agosto de 2003

No Edificio Liceo foi presentado oficialmente o programa de Festas Patronais San Roque 2003. O acto, presidido polo Alcalde, D. Manuel Lagares, contou coa presenza dos autores do debuxo D. Eduardo e D. José Luís Muñoz e varios concelleiros.

11 de agosto de 2003

Neste día derrubouse o edificio coñecido como *Heladería Maíno* que estaba pegado á igrexa de Santo Domingo.

13 de agosto de 2003

No Convento de San Francisco celebrouse o *Concerto Cidade de Betanzos*, coas actuacións da Agrupación Musical Carlos Seijo, Banda Municipal de Música e Coral Polifónica de Betanzos.

14-31 de agosto de 2003

No Edificio Liceo puido contemplarse a mostra colectiva titulada, *Taller de nubes*, que englobaba obras de Carmen Silva, Ana Pillado, Blanca Silva e Arximiro G.

14 de agosto de 2003

Na Praza da Constitución, o Alcalde, D. Manuel Lagares, coroou á Raíña das Festas, a fermosa moza brigantina, Bibiana Barallobre Sánchez. Seguidamente desde o balcón da Casa Consistorial tivo lugar a lectura do pregón, que este ano correu a cargo do actor Víctor L. Mosqueira. A continuación, despois do Garelazo e da solta de pombas, houbo unha recepción ás autoridades e personalidades invitadas.



Faraldo

Pregón das Festas

Señor Alcalde de Betanzos, autoridades, veciños e amigos/as de Betanzos en xeral e arredores: O meu nome é Víctor Mosqueira e como non quero enganar a ninguén dos aquí presentes, quero confesar unha dura realidade: eu son actor. Iso significa que corro o risco permanente de saír en televisión e facerme famoso. Foi o que me pasou ultimamente, que asomei a cabeza pola pequena pantalla e agora todo o mundo me confunde cun tipo que se chama Taracido ou cun profesor de teatro que sae nunha serie titulada «Un paso adelante». O peor desta situación é que de repente un día chámante por teléfono e dinche: hola, son de Betanzos e tes que facer un pregón. Que pregón? dis ti. O pregón das Festas de San Roque. Quen eu? pero se eu nin sequera sei o que é... e moito menos como se fai... non será nada sexual? Mira, di el, déixate de caralladas, toda a xente que sae na televisión sabe o que é un pregón e a ti tocouchete este ano, así que espabila e vente para Betanzos. É o que ten este choio. A xente ve a un tipo facer de superman na televisión e cre que o tipo pode voar na realidade. E como eu fago de profesor, non sei por que, pensan que son capaz de facer un pregón. A mín non é que me importe, despois de todo son galego e un galego nunca rexeita unha festa, e moito menos se é a Festa de San Roque, que aquí xa apañei eu boas mamadas de viño máis dunha vez, para que o imos negar. (Aproveito para pedir disculpas polo que pasou aí na porta de San Francisco hai uns anos, pero é que estaba gravemente perxudicado polos caldos locais e non puideron controlar o estómago. Xa sei que é unha xoia do gótico galego pero ás veces un non está para pensar na historia da arte e no patrimonio artístico, así que puxen a porta un pouco perdida. Eu incluso intentei limpalo pero, claro, non tiña unha fregona á man. Confeso isto porque non me parecería xusto ter a honra de facer o pregón e andar exaltando os monumentos de Betanzos con mala conciencia. Sinceramente admiro a vosa cidade, que é sen dúbida unha das máis fermosas de Galiza, e pido disculpas por este patético incidente).

Pero volvendo ao tema, aquí me tedes, lendo o primeiro pregón da miña vida por culpa da televisión. A verdade que é un privilexio que un concello coma o de Betanzos lle dea a oportunidades a un actor de falar en público e de dicir cousas. Primeiro, porque hai quen di por aí que Betanzos foi fundada por Breogán. Breogán era o caudillo celta ese que sae no himno galego e do que somos fillos todos os galegos. Así que debeu ser aquí, en Betanzos, que Breogán nos proceou a todos, e xa que logo, a nai de todos os galegos tivo que ser, por lóxica impepinable, unha betanceira. Xa sei que isto pode ser un conto, pero tampouco sabemos de quen son os ósos que están enterrados na Catedral



Ferrado

de Santiago e a ningún lle importa mentres haxa pelegríns e xacobeos. O importante é que os mitos e os contos son os que conforman a nosa identidade como pobo e aínda que a a nai de todos os galegos non fose unha betanceira, Betanzos ten todo o dereito a reclamar para si o título de berce de Galiza, porque ten sobrados méritos para selo, por historia e dignidade. Ademais, aquí entre nós, todos sabemos como están as chavalas de Betanzos, así que se o tal Breogán pasou por aquí está claro que algo de festa tivo que haber, que o Breogán parvo non era, que era caudillo. Por iso é un privilexio para mín, que amais de ser actor, son galego, poder facer o meu primeiro pregón nesta terra sobre a que un celta e unha betanceira fixeron unha empanada. A empanada, está de máis dicilo, fomos nós, os galegos, e fose como fose iso xa non ten remedio.

En segundo lugar, facer un pregón é boa ocasión para dicir cousas, que é un dereito constitucional do que tamén disfrutamos os cómicos, aínda que a moitos, ultimamente, lles pareza increíble que os cómicos teñamos dereitos constitucionais. E é que, como dixó hai ben pouco un político, «de cuxo nome non quero acordarme», aquí, en Galicia, a liberdade de expresión é sobre todo cousa de titiriteiros. Ten toda a razón. Un tipo chamado William Shakespeare, que aínda que o pareza non era de Betanzos, afirmou que o propio dos actores era servir de espello tanto da virtude coma do vicio. Por iso os que somos actores, ou titiriteiros, como «cariñosamente» nos chama este señor, temos esa compulsión de confundir a festa coa liberdade e a liberdade coa festa e tamén por iso, cando nos piden facer un pregón botamos pola boca todo o que temos no corazón e na cabeza. Por certo, é curioso que xustamente un titiriteiro estea dando o pregón no pobo deste político.

Eu o que teño dentro é a mala angueira deste ano tan complicado que nos tocou vivir aos galegos. Díxome alguén que San Roque era un santo de gran devoción porque salvou esta e moitas cidades da peste, hai unha morea de séculos. Hoxe as pestes que chegan a Galiza veñen, coma sempre viñeron, polo mar, pero desgraciadamente non temos santos que senten á porta das cidades para nos protexer, porque o único que temos son algúns políticos, católicos pero non precisamente santos, que sempre están facendo outra cousa en vez de mirar por nós, e así a peste étranos dentro e temos que ser nós



Faraldo



Faraldo



os que loitemos con ela. E a nosa maneira de loitar, xa vo-lo digo, é a festa e a liberdade. E por iso San Roque é patrón dunha festa, porque o santo sabe que a alegría e o gozo son o único antídoto eficaz contra as desgracias que nos preocupan a alma.

A estas alturas non sei se o meu pregón estará ben encamiñado. Segundo me comentou alguén as vosas festas datan do ano 1416. Así que hónrame ser o quincuagesimo octoxésimo sétimo pregoeiro da historia de Betanzos, que só polo traballo que dá dicilo é xa responsabilidade de carallo. Eu, como son novato, para facer este pregón lin un libro titulado, «Como facer pregóns e non acabar apedreado». No primeiro capítulo di que algo fundamental para evitar as pedras dos veciños é ensalzar a paisaxe e as bebidas alcohólicas da comarca. Sobre as excelencias do viño local xa falei abondo, que xa me dá resaca de pensar o que vai pasar nesta cidade despois do garelazo e do pregón. Aínda por riba aquí en Betanzos tendes ese costume de pillar un globo e deixalo voar, que será un símbolo da éxtase e a embriaguez colectivas, non o nego, pero que tamén debe ser fatal para o estómago. Así que coidado coas igrexas e os monumentos que son un tesouro e hai que respetalos. Por experiencia vo-lo digo. No que di da paisaxe, eu a Betanzos sempre o coñecín polo Xardín do Pasatempo, que foi onde me abandonou a miña primeira moza unha noite de Fin de Ano que acabamos por aquí. Foi o que me dixo ela aproveitando a capacidade evocadora do entorno, que eu só fóra un pasatempo para ela. Así que o lugar é digno de ser ensalzado, pero a mñ, sempre que veño, éntranme saudades daquela moza que tiña un dominio tan cruel das metáforas e os xardíns públicos. Podería, seguindo as instrucións do meu libro, falar agora da popular festa dos Caneiros, que isto de San Roque é unha festa dentro doutra e ben se ve o moito que vos tira a carallada aos betanceiros, que incluso duplicades as festas. Podería falar tamén do célebre repolo de Betanzos e máis das cebolas ou das perigosas curvas das Angustias, que case me esnafro aí ao chegar. Ou mellor aínda, podería referirme a eses dous ríos mitolóxicos que circundan a vosa cidade, o Mendo e o Mandeo, que, segundo afirman os que saben, serviron de inspiración a Torrente Ballester para fabular os ríos Mendo e Baralla da imaxinaria vila de Castroforte, a cidade que levitaba por causa das preocupacións dos seus habitantes. Que Betanzos vai levitar durante doce días está fóra de dúbida, pero non polas preocupacións senón por todo o contrario. Aos galegos iso de botar a voar en masa é algo que nos vén de antigo, que por algo os poetas españois do século de ouro dixeron de nós que

éramos uns paxaros de moito coidado e tamén por esa razón é polo que temos ese costume de «facérmonos o avión» cando nos preguntan por algunha cousa, sobre todo se temos responsabilidades políticas no goberno.

Pero eu do que quería falar no meu pregón é sobre algo que non vén nos manuais para pregoeiros novatos. Xa dixen que era un cómico e os cómicos temos por oficio facer rir á xente. E precisamente sobre a risa é do que quero falar para ir rematando.

Porque se toda festa ten a súa raíña, a risa é a emperatriz de todas as festas. A risa é a única arma que ten o pobo para defenderse da prepotencia dos poderosos, da seriedade dos moralistas e do tráfico ilegal de petroleiros. É tamén o recurso máis preciado da xente para sobrevivir nas peores condicións de presión e temperatura. E sobre todo a risa é a única maneira de coñecer a verdade, porque como dixo un filósofo alemán que nunca estivo en Betanzos, aínda que debería, «a verdade é aquilo que soporta todas as gargalladas». Por iso, se algo aprendemos este ano é que os galegos sabemos rir e loitar con alegría, porque a risa é o noso xeito de, como dicía o conto, «espir ao rei de todo o seu manto de mentiras e velo nu, tal cal é». Todos sabemos quen nos quere impor a seriedade e a tristeza como modo de vida, quen nos mete en guerras absurdas ou quen varre o lixo para debaixo da alfombra, e fronte a iso o único que temos é a nosa capacidade de rir e de vivir con alegría. A risa é a expresión do noso orgullo e tamén o noso xeito de resistir a todas as inclemencias.

Pois ben, Betanzos celebra a partir de hoxe a súa Festa Maior e debe por tanto abrir as portas ao imperio da risa e da alegría, do gozo e do pracer. Algo que non resultará difícil para unha vila coñecida en todo o mundo polo seu ánimo festeiro e participativo de longa tradición. Así que bebede, comed e folgade. Facede levitar esta cidade durante doce días e que a festa betanceira sexa un símbolo para toda Galiza, un símbolo da forza do noso espírito e da nosa alegría de vivir. Amigos e amigas, remato o primeiro pregón da miña vida agradecéndoos a honra de me ter convidado e non podóme menos que despedirme exclamando ben alto: viva San Roque, vida o seu can, viva Betanzos e viva Galiza. Que a festa dea comezo e que deus nos colla a todos confesados.

Víctor L. Mosqueira

15 de agosto de 2003

Na Praza da Constitución tivo lugar o acto de coroamento da Raíña Infantil das Festas, a fermosa rapaciña Andrea Edreira García, que recibiu a coroa de mans do Alcalde, D. Manuel Lagares. Acto seguido, Alberto Mauri Placer deu lectura ó Pregón Infantil.



Arume



Arume

Función do Voto

(16 de agosto)

SEÑOR SAN ROQUE

Póstrome novamente diante de Ti, como Alcalde de Betanzos, en representación de tódolos cidadáns, tanto presentes como ausentes, para renovar o agradecemento que, dende hai máis de cinco séculos, che dispensamos.

Por moito que cambien as costumes e os hábitos da nosa sociedade, que varíen os representantes populares e que se establezan novas formas sociais, o agradecemento do noso pobo permanecerá. É por iso que, coa humildade propia da significada representación que teño, pero ó mesmo tempo co orgullo e o privilexio da testemuña deste pobo agradecido, fágoche esta sentida presentación en demanda de axuda e auxilio que sempre tivemos de Ti.

Foi este último ano especialmente penoso para os galegos, pois tivemos a desgracia do accidente do «Prestige», que contaminou as nosas costas e produciu serios desequilibrios entre as persoas que traballan no mar e viven arredor do mesmo. Aínda nestas datas, seguen a notarse os efectos da marea negra nas praias, tanto nas costas galegas como nas doutros litorais de España. Permite que rematen os efectos desta catástrofe e que dunha vez por todas, se alonxe do noso territorio este tipo de desgracias.



Fersal

Tamén tivemos os efectos nocivos do terrorismo, tanto na nosa Península coma fóra. Fai que non queden máis seres humanos desamparados e sen os seus seres queridos por unha lacra social que non se xustifica senon é polo egoísmo dos seres humanos e un odio que debe eliminarse.

Igualmente foi ano de guerras que demostran o mal que aplicamos os principios convivenciais. Nestes momentos, soldados españois participan en manobras e actuacións militares en Irak, despois dunha contenda inxusta e que produciu devastacións humanas e de amplos territorios. Protéxeos igual que a todos aqueles que participan en conflitos bélicos e logra que polo ben da humanidade rematen e as confrontacións se vexan superadas pola Paz e a Tolerancia e o respecto dos dereitos humanos.

Atende ós colectivos que máis precisan da túa mediación e protexe especialmente á familia que é o vínculo no que se asenta a sociedade. E ten especial consideración por tódolos cidadáns maiores que tanto fixeron por mellorar a sociedade e que ás veces non teñen as atencións e coidados que precisan. E por as persoas maltratadas que cada vez son máis e demostran que é necesario ordenar os principios convivenciais e darlle unha amplitude maior ó respecto e a dignidade humana.

Non te esquezas dos parados, dos minusválidos, dos perseguidos inxustamente por algunha causa e mitígalles as súas carencias para que poidan incorporarse integradamente a unha sociedade que sexa cada vez máis xusta, aberta e participativa.

Señor San Roque: Os betanceiros seguimos a confiar na túa axuda e xenerosidade e por iso, ano tras ano, che adicamos o mellor das nosas festas e che presentamos esta humilde ofrenda, coa seguridade de que nos atenderás e nos complacerás en todo o que poidas. Por todo iso moitas grazas no nome de Betanzos, dos seus fillos e de todos os que senten os desexos expresados. Atentamente.

Manuel Lagares Pérez
Alcalde de Betanzos

16 de agosto de 2003

Como tódolos anos, ás 12 da noite, saíu da torre de Santo Domingo o Globo de San Roque, que realiza a familia Pita desde o s. XIX. O numeroso público asistente, despois do susto da caída da barquilla, puido contemplar como o Globo ascendía e sucaba de novo os ceos ata perderse na noite.



Alfredo Erias



Alfredo Erias



Alfredo Erias



La Voz de Galicia: E. Blanco

18 e 25 de agosto de 2003

Como é tradicional, foron miles de persoas as que se acercaron ó campo dos Caneiros para gozar desta orixinal romaría. As lanchas engalanadas con flores déronlle cor e vistosidade a estas xiras. Para evitar calquera tipo de accidente foron máis de cen persoas as que participaron no dispositivo de seguridade da romaría.

20-29 de agosto de 2003

No edificio Liceo estivo aberta nestes días unha mostra itinerante titulada: *Vida, Mensaje y Herencia de San Josemaría Escrivá*.

2-14 de setembro de 2003

No Edificio Liceo puido contemplarse unha exposición de pintura de Ánxeles Penas.

8 de setembro de 2003

Foron varios os milleiros de persoas que se achegaron este día ó Santuario dos Remedios para celebrar a tradicional romaría, a pesar do mal tempo que impediu que saíse a procesión.

Setembro de 2003


Celebrouse a vendima na comarca betanceira. O bo tempo deste ano motivou que se adiantase nuns días a recollida da uva. A recién estreada denominación de *Viños da Terra*, motivou que a vendima fose controlada por persoal técnico da Xunta de Galicia.

15-28 de setembro de 2003

Ó longo destes días puido contemplarse no Edificio Liceo unha mostra conxunta de pintura e escultura, na que estiveron representados os artistas Mariola Romero, Manuel Fernández Sucasas, Jorge Vázquez e Xosé Tabeada.

24 de setembro de 2003

O xornalista e escritor betanceiro, Xesús Fraga, presentou na librería Donín o seu novo libro titulado *A-Z*. A presentación correu a cargo da Catedrática de Lingua e Literatura Galega, Concepción Delgado e do Director de Edicións Xerais, Manuel Bragado.





Artume

25 de setembro de 2003

Dentro dos actos conmemorativos da publicación do Anuario Brigantino nº 25, celebrouse na igrexa de San Francisco un concerto da Orquestra Sinfónica de Galicia.

26 de setembro de 2003


Na Sala Capitular do Concello presentouse o Anuario Brigantino, nº 25. O acto estivo presidido polo Alcalde, D. Manuel Lagares a quen acompañaban o Conselleiro da Presidencia, D. Jaime Alberto Pita Varela e diversos membros da Corporación municipal, entre eles o Delegado de Cultura, D. Francisco Díaz Pereira, así como o Director da publicación D. Alfredo Erias Martínez. A presentación correu a cargo do Doutor en Filosofía e Letras e Catedrático de Lingua e Literatura Españolas no Instituto de Bacharelato *Francisco Aguiar* de Betanzos, D. José Antonio Míguez Rodríguez. Na foto inferior aparecen tamén, D. Francisco Vales-Villamarín e D. José Domingo Vales (2º e 8º desde a esquerda), fillos do fundador da publicación, así como D. Vicente de la Fuente (3º), con quen rexurdiu o Anuario no 1981, sendo el Alcalde da cidade.

Setembro de 2003

Comezou a funcionar a Escola Municipal de Artes Plásticas con proxectos de obradoiros experimentais, a cargo de Javier Meléndez Ortega (Urza) e coa colaboración de diversos artistas ó longo do curso.

3-8 de outubro de 2003

No Edificio Liceo e nas rúas da cidade desenrolouse ó longo destes días o Festival Internacional de Títeres *Galicreques 2003*, no que participaron os seguintes grupos: *Dinamic New Animation* do Reino Unido, *El Choncón* de Chile; *La Mar de Marionetas* de Madrid, *Teatro Buffo* de Valencia, *Tiritando* de Murcia, *Tropos* de Madrid e *Txalapartarik* de Navarra. Puido contemplarse así mesmo a exposición, *Descubriendo o fascinante mundo das marionetas*, na que se podía ver o traballo dos compoñentes da compañía galega *Cachirulo* nos últimos vinte anos. O certame, organizado polo Concello, contou coa colaboración da Obra Social de Caixa Galicia e o Instituto Galego de Artes Escénicas.



10 de outubro de 2003

Asinouse neste día un convenio entre o Concello, o Banco Etcheverría e Caixa Galicia, polo que as dúas entidades financeiras se comprometeron a facilitar ós veciños do casco histórico a posibilidade de acceder a créditos blandos para arranxar as súas casas. Asinaron o convenio: D. Gonzalo Rodríguez, Director territorial de Caixa Galicia, D. Ángel Bembibre, en representación do Banco Etcheverría e o Alcalde D. Manuel Lagares. No acto estiveron presentes a Concelleira de Economía, D^a Beatriz Gómez e o Concelleiro do Casco Histórico e Desenrolo Local, D. Xabier López.



Outubro de 2003

Dentro da política de eliminación de barreiras arquitectónicas, instalouse un ascensor no Edificio Liceo.

28-30 de outubro de 2003

No Edificio Liceo puido contemplarse a mostra *Palabras no aire*, conformada por unha serie de abanicos nos que trinta e cinco poetas galegos escribiron fragmentos das súas obras, acompañados de debuxos e pinturas. A mostra foi organizada pola Sociedade para o Desenrolo Comarcal de Galicia en colaboración coa Fundación Comarcal de Betanzos.

1 de novembro de 2003

Celebrouse a tradicional Feira de Santos, a primeira das tres deste mes e unha das máis importantes do ano xunto coa do primeiro de maio, á que asistiu gran cantidade de xente da comarca para mercar os produtos estrela deste día como son as flores e as castañas.

Novembro de 2003


Os alumnos do Instituto de Bacharelato Francisco Aguiar, Pedro Varela, Alejandro Vidal, Ángel Navedo e Daniel Seijo chegaron á final da segunda edición da Olimpíada da Innovación Xuvenil, cun traballo sobre a explotación hidráulica no río Mandeo.

Novembro de 2003

Organizado pola Delegación de Xuventude, realizouse un taller de vídeo para maiores de 14 anos.

13 de novembro de 2003

Presentouse no Edificio Liceo o libro, *Betanzos eco de los siglos*, con fotografías nocturnas da cidade e poesías, do que son autores o fotografo José Luis Pardo Caeiro e o poeta Fernando Andrade Aguilar. A publicación contou coa colaboración do Concello.



26 de novembro de 2003

Neste día tomou posesión como Deputado Provincial, D. Antonio Lagares Pérez. Coa nova conformación da cámara provincial pasou a desempeñar o cargo de Presidente da Comisión de Economía, Facenda e Especial de Contas, ademais de voceiro do Grupo Provincial Socialista.



Decembro de 2003

O periodista e escritor betanceiro Xesús Fraga Sánchez, resultou gañador do Certame Literario Rubia-Barcia-Cidade de Ferrol, pola obra titulada *Solimán*.

4 de decembro de 2003

Neste mes abriuse a nova vía da rúa Rosalía de Castro que permite enlazar coa Avenida de Castilla.



César E. Blanco

11 de decembro de 2003

A partir deste día e ata o mes de xaneiro veuse celebrando o Programa de Festexos de Nadal organizado pola Delegación Municipal de Cultura, Deportes e Benestar Social e a Delegación Municipal de Festexos, que contaron coa colaboración de diferentes asociacións e colectivos da cidade. O programa editado foi ilustrado polo debuxo de Inés Cordal Rodríguez de quinto curso do Colexio Vales Villamarín, gañador do concurso de carteis de Nadal organizado polo Concello.

11 de decembro de 2003

Coñeceuse pola prensa que un boleto sellado na administración de loterías do Cantón de Claudino Pita fora o acértante do sorteo da Lotería Primitiva celebrado neste día e polo tanto agraciado con 943.872 euros.

12 de decembro de 2003


No Pazo de Congressos de Santiago de Compostela entregáronse as medallas ó Mérito Sanitario. Entre os galardoados estiveron os betanceiros D. José Manuel Romay Beccaría e D. Juan Suárez Barros.

D. José Manuel Romay, actual Presidente do Consello de Estado, recibiu a Medalla de Ouro de mans do Presidente da Xunta D. Manuel Fraga.

D. Juan Suárez, en recoñecemento á labor sanitaria desenrolada ó longo da súa vida, recibiu a Medalla de Prata de mans do Conselleiro de Sanidade, D. José María Hernández Cochón.

13 de decembro de 2003

Na Aula de Cultura do Edificio Liceo representouse a obra de Molière, *O médico á forza*, a cargo do grupo de teatro Galileo.





César: E. Blanco

14 de decembro de 2003

Na Piscina Municipal celebráronse os VII Xogos Autonómicos de Natación *Special Olympics*. O acontecemento foi promovido polas Irmáns Hospitalarias do Sagrado Corazón, que contou coa colaboración da Federación de Asociacións con Atraso Mental de Galicia (Fademga) e o Concello.

26 de decembro de 2003

Neste día presentou a dimisión como concelleiro de Servicios Sociais, Turismo e Emigración, D. Xosé Manuel Montero.

30 de decembro de 2003

Celebreuse no edificio Liceo o acto de toma de posesión de novos funcionarios municipais: D^a María Teresa Perales Teijo (arquitecto técnico), D^a María Elena Encinas Pena (técnico medio de xestión), D. Daniel Pereiro Cachaza (asesor xurídico). Ascenderon de posto na Policía Local: D. Manuel Seijo Vázquez (sarxento) e D. Alberto Fernández Teijo (cabo). O acto ó que asistiron varios membros da corporación municipal, estivo presidido polo Alcalde, D. Manuel Lagares.



César: E. Blanco

NORMAS DE PRESENTACIÓN DE ORIXINAIS DO ANUARIO BRIGANTINO

Tema

O Anuario Brigantino é una revista de investigación nos campos da Arqueoloxía, Historia, Historia da Arte, Historia da Literatura e Antropoloxía, podendo admitir excepcionalmente outros, segundo criterio do Comité Científico.

Publicación

Os orixinais deberán ser inéditos. Oportunamente e diante de traballos de especial interese, o Comité Científico poderá contemplar a publicación de traducións, a reedición de traballos raros e/ou antigos, así como edicións corrixidas e/ou aumentadas de traballos publicados fora da revista.

Formato e soporte

Os orixinais presentaranse a través dunha copia en papel Din-A4 e outra en soporte informático (Word ou procesadores similares). Cando sexa preciso tamén se poderá utilizar o correo electrónico. As direccións respectivas son: Anuario Brigantino, R/ Emilio Romay, 1, 15300 Betanzos, A Coruña, España.

Extensión e ilustracións

Unha vez maquetado co estilo propio do Anuario, aconséllase que o traballo non supere as 25 páxinas, se ben o Comité Científico poderá establecer as excepcións que considere oportunas.

En canto ás ilustracións, o Anuario Brigantino caracterízase por favorecer a súa utilización sen máis atrancos que a coherencia co texto e o sentido común en canto o seu número, aspectos que quedan a criterio do Comité Científico, o mesmo que o emprego de cor ou branco e negro.

Idioma

A redacción poderá entregarse en galego ou castelán, se ben, excepcionalmente e sempre a criterio do Comité Científico, poderá utilizarse outro idioma.

Autor-Autores

Engadirase a dirección completa do autor ou autores, incluídos teléfonos e correo electrónico, así como a institución onde presten os seus servizos, se fora o caso, e o cargo que ocupan. Engadirase, así mesmo, nota biográfica do autor ou autores, que non exceda de 5 liñas maquetadas.

Sumario e Abstract

Os orixinais deberán acompañarse dun sumario ou resumen na lingua do traballo e outro (*abstract*) en inglés, que non deben exceder, cada un, das 10 liñas maquetadas.

Texto

Empregarase a *cursiva* para aquelas palabras que se utilicen como denominacións técnicas ou sexan alleas á lingua na que se redacta o orixinal.

Utilizaranse as comiñas « ... » para as citas textuais breves (inferiores a 50 palabras); as demais irán en parágrafo aparte e sangradas na marxe esquerda sen entrecomiñar.

As comiñas simples ' ... ' resérvanse para encerrar significados.

As supresións de texto nas citas indicaranse mediante tres puntos entre corchetes [...].

As intervencións do autor nas citas tamén se fará entre corchetes.

Citas bibliográficas

Aceptaranse dous sistemas, separados ou mixtos.

A) Na medida do posible farase uso preferentemente do sistema de referencias parentéticas, información que se complementará coa bibliografía do final do texto. Entre paréntese sitúase o apelido (ou apelidos, se se considera) do autor ou autores, con minúscula e sen a inicial do nome propio, seguido por coma, espazo e ano de publicación. Se é preciso, despois de dous puntos, irá o número de páxina (se se sinala a primeira e a última, sepáranse por un guión). Se se trata dunha obra en varios volumes, antepoñerase o número do que corresponda ó da páxina, separados por coma. Se o envío non é a unha páxina senón a unha columna, un documento, etc. incluírase antes da cifra a abreviatura correspondente. Exemplos: (Miguez, 2000), (García Bellido, 1943: 21), (Pastoureau, 1988: 261-316), (Meijide, 1988: doc. 2, 38).

Cando no mesmo ano hai dúas ou máis publicacións dun mesmo autor ás que hai que referirse, colócase detrás do ano unha letra para identificalas: (Monteagudo, 2000a)

Cando se inclúe o nome do autor no texto, entre parénteseponse só o ano e, se procede, as páxinas. Exemplo: Como indicou Barreiro Fernández (1984: 51)...

Se hai máis dun autor, inclúense todos ata tres, separados por comas, e se hai máisponse só o primeiro seguido de *et al.*

B) As tradicionais chamadas ou notas no corpo do texto indícanse mediante números voados. Neste caso, as citas bibliográficas numeradas a pé de páxina seguirán as normas expostas no apartado de Bibliografía.

Bibliografía

A BIBLIOGRAFÍA sitúase ó remate do traballo, seguindo unha orde alfabética por apelidos e, dentro do mesmo autor, por orde cronolóxica. Teranse en conta as consideracións seguintes: 1) os autores españois e hispanoamericanos ordénanse polo primeiro apelido e cando é idéntico, polo segundo; se este tamén se repite, polo nome. 2) os anglosaxóns, rusos e portugueses, polo 2º apelido, o paterno: KEYNES, John Maynard; PAWLOV, Ivan Petrovich; CAETANO, Marcello Jose Neves Alves...

Se se trata dun **libro**, indícanse o nome do autor (APELIDOS, nome completo ou só coa inicial), ano de publicación, *Título do libro en cursiva*. Cidade: Editorial (Colección se é pertinente). P. ex.: TILANDER, Gunnar, 1961, *Nouveaux mélanges d'étymologie cynégétique*. Lund: Carl Bloms (Cynegetica, 8).

Se se trata da **edición dun texto** indícanse o nome do editor(es) (APELIDOS, nome), seguido da expresión (ed(s).), ano de publicación, *Título da obra en cursivas*. Cidade: Editorial (Colección se é pertinente). P. ex.: TROMBETTI BUDRIESI, Laura (ed.), 2000, Federico II, *De arte venandi cum avibus. L'arte di cacciare con gli uccelli*. Bari: Laterza (Collana di Fonti e Studi, 10). E incluírase unha entrada adicional baixo o nome do autor da obra: FEDERICO II, *De arte venandi cum avibus. L'arte di cacciare con gli uccelli*, ed. Laura Trombetti Budriesi. Bari: Laterza, 2000 (Collana di Fonti e Studi, 10).

Se se trata dunha **aportación nunha obra colectiva**, indícanse o nome do autor (APELIDOS, nome), ano de publicación, «título da aportación entrecomiñado», autor(es) da obra colectiva (se é preciso, mención ed., coord., dir., etc.), *Título da obra colectiva en cursivas*. Cidade: Editorial (Colección), páxinas:

FRADEJAS RUEDA, José Manuel, 2000, «Una traducción al castellano de Pero Menino ¿desconocida?». Andrew M. Beresford y Alan Deyermond (eds.), *Proceedings of the Ninth Colloquium*. Londres: Department of Hispanic Studies - Queen Mary and Westfield College, (Papers of the Medieval Hispanic Research Seminar, 26), 31-41.

Se se trata dun **artigo nunha revista**, indícanse o nome do autor (APELIDOS, nome), ano de publicación, «título do artigo», *título da revista en cursivas*, tomo en cifras arábicas: páxinas:

MORALES MUÑIZ, María Dolores Carmen, 1998, «Los animales en el mundo medieval cristiano-occidental: actitud y mentalidad», *Espacio, Tiempo y Forma, Serie III, Historia Medieval*, 11: 307-29.

Se se citan varios libros, traballos, etc. dun autor, poñerase APELIDOS, nome e debaixo, reservando tres espazos á marxe, indícanse o ano de publicación da obra, diferenciando coas letras, a, b, c, etc., os traballos publicados por un autor nun mesmo ano:

GARCÍA BELLIDO, A.

(1943a): «Algunos problemas de arte y cronología ibéricos»: *Archivo Español de Arqueología*, XV: 78-108.

Corrección de probas

Correrá a cargo dos autores, que deberán efectualas no prazo máximo dunha semana a partir da recepción. Non se admitirán variacións substanciais no texto.



*Imaxe antiga (s. XVI ou XVII)
de San Antón Abade atopada
polo sacerdote D. Manuel
Rodríguez (neste 2003)
na igrexa de Santiago
de Betanzos.*

Eriás

ESTE ANUARIO BRIGANTINO 2003, Nº 26,
REMATOUSE DE IMPRENTAR
NO PRELO DE LUGAMI EN
BETANZOS O 25 DE
XULLO DE
2004

